

Outubro 2017

A CIG-Área Pública rexeita o “Acordo de Estabilidade” porque mantén a taxa de reposición e non recupera emprego público

A Área Pública da CIG asistiu á Mesa Xeral de Función Pública na que o PP presentou un Proxecto de Orzamentos para 2018 no relativo a emprego público idéntico ao de 2017 e que a central rexeitou porque afonda na destrución de emprego e no desmantelamento e privatización dos servizos públicos.

Canto ao chamado **Acordo de Estabilidade** a Área Pública denuncia que “non é un acordo autónomo, senón unha adaptación do asinado o 29 de marzo de 2017 entre o Goberno central e os sindicatos CCOO, UGT e CSIF” ao que a CIG se opuxo. Por iso anunciou que tamén o rexeitará, xa que non contempla ningunha mellora respecto daquel.

Ademais o acordo está limitado pola aplicación da Lei de orzamentos do Estado para 2018, que ten unha vixencia temporal concreta. Porén, os efectos do acordo prólonganse até 2020, sen ningunha garantía de cumprimento, pois as leis de orzamentos dependen das maiorías parlamentarias no Congreso dos Deputados.

Neste sentido, Diego Boquete, que actuou como portavoz da CIG-Área Pública cualificou de “lamentábel” que a Xunta “só use o autogoberno para recortar (*Lei de medidas temporais, rebaixas salariais non recuperadas...*)” e que, sen embargo, “para recuperar dereitos se comporte como unha sucursal de Madrid”.

Ademais, a central nacionalista adiantou que non vai asinar un acordo que **non inclúe a devolución de salarios; a derogación da Lei de medidas temporais, nomeadamente a cláusula “pagar por enfermar”; o levantamento da suspensión da aplicación de acordos anteriores**, como o propio V Convenio colectivo do persoal laboral ou cuestións como –no caso do ensino público- **que as persoas substitutas volvan cobrar o verán unha vez que traballaron máis de 5 meses**, por non falar da **recuperación do fondo de acción social**.



Temporalidade

Malia o seu título, a CIG-Área Pública afirma que non é un Acordo de Estabilidade senón, como moito, un «**Acordo de Redución da Temporalidade**». Nese sentido Boquete explica que “non queda eliminada a taxa de reposición, nin se incorpora ningún criterio que garanta o traballo a quen non aprobe os procesos selectivos, que serán convocados mediante concurso-oposición”.

A este respecto María Xosé Santos Paz, da CIG-Administración, lembra tamén que “hai xente que leva anos e anos agardando a que se lle convoque a praza e agora pode verse na rúa con case 60 anos”.

Aínda que a situación de temporalidade derivada do período de crise se considera excepcional, no ‘Acordo’ non se recolle para ningún sector nin colectivo a **posibilidade de consolidación por concurso ou valoración de méritos que permite o artigo 61.6 EBEP**.

“É incríbel que a administración asine acordos que acto seguido anula nos orzamentos, como o asinado coas outras organizacións sindicais do ensino hai escasos meses, que recollía que o persoal substituto que traballase máis de 5 meses e medio ao longo do curso cobraría as vacacións e agora volve aparecer anulado no proxecto de orzamentos, o cal foi unha das causas para que a CIG-Ensino non asinara”, subliña Boquete.

Con este ‘Acordo’ preténdese chegar a un índice de temporalidade do 7%, pero oculta cal é a temporalidade actual. “Sen esa mínima transparencia é imposible avaliar o éxito ou o fracaso das medidas propostas”, afirma o portavoz da Área Pública.

Suplantación da representación sindical

A Área Pública da CIG denuncia ademais que a creación de comisións e de subcomisións de seguimento do Acordo con funcións de negociación van suplir as funcións das mesas sectoriais de negociación que son os únicos órganos legalmente habilitados para tal fin e que garanten a participación de todas/os as/os representantes do persoal público galego.

Permisos

Os orzamentos contemplan ademais o aumento do permiso de parto a 20 semanas (agora son 18) e até as 5 semanas do permiso de paternidade (agora son 29 días) para persoal que presta servizos na administración.

Fronte a isto a CIG aposta por un permiso de maternidade de 12 meses de duración e que progresivamente o permiso para o outro cónxuxe se amplíe até chegar á mesma duración, consolidándose o permiso de maternidade como un permiso non transferíbel.

“No camiño de acadar ese obxectivo é obvio que a proposta da Xunta, aínda recoñecendo un pequeno avance, é totalmente insuficiente. Solicitamos a negociación real dun plan de ampliación de todos os permisos recollidos na Lei de Emprego Público e, especificamente, dos que se trataron nesta mesa”, concluíu Diego Boquete, responsable de Acción Sindical da CIG-Ensino.



Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal